

# RUMI

Aplicación para a notificación  
e rexistro do maltrato infantil desde o

ÁMBITO  
**EDUCATIVO**



XUNTA  
DE GALICIA

## INTRODUCCIÓN

Esta aplicación é un instrumento de notificación e rexistro de situacións de maltrato infantil

Cando o profesional dá de alta unha notificación, automaticamente dita notificación recíbese na Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar e ao mesmo tempo nos Servizos de Familia e Menores dos departamentos territoriais correspondentes da Consellería de Traballo e Benestar. A partir deste momento porase en marcha un protocolo de actuación por parte dos equipos técnicos do menor, encamiñado nun primeiro momento a comprobar a veracidade ou non do maltrato e a continuación a aplicar as medidas oportunas segundo o caso.

Esta aplicación ademais de servir para axilizar o proceso ante situacións de maltrato e actuar con rapidez en situacións urxentes, supón unha ferramenta necesaria para un coñecemento estatístico da realidade e a partires de aí a planificación de recursos e programas.

**OS SERVIZOS EDUCATIVOS:  
OBSERVATORIO  
PRIVILEXIADO PARA A  
DETECCIÓN DO MALTRATO  
INFANTIL**

A escola é un lugar privilexiado para a detección do maltrato infantil, xa que é un dos contextos de socialización fundamentais para o neno ou nena.

Todos os nenos e nenas pasan por ela e é no contexto escolar onde pasan o maior tempo do día. O profesor é o axente activo que está máis tempo en contacto cos menores, o que lle permite ser testemuña do seu desenvolvemento socio - emocional e intelectual: observar e coñecer o comportamento do neno ou nena na aula, a interacción cos seus iguais.

O maltrato infantil é un problema comunitario cuxa solución require accións ao dito nivel. Os centros escolares, como servizos inmersos na comunidade, comprometeranse tanto no ámbito institucional como no ámbito de cada profesional en particular, para actuar na solución do problema.

Os centros escolares constitúen un dos lugares ou marcos comunitarios con máis posibilidades e máis idóneo para as tarefas de identificación, tratamento e prevención do maltrato infantil.


O maltrato que recibe o neno ou nena por parte dos seus cuidadores ten graves consecuencias sobre o seu desenvolvemento evolutivo, consecuencias que poden chegar a determinar o éxito ou o fracaso non só no ámbito da aprendizaxe escolar senón tamén na competencia social do neno ou nena e en aspectos importantes na súa posterior adaptación social. De aí a grande importancia de que os profesionais da educación posúan unha formación que lles axude a detectar os casos de nenos/as que sexan maltratados, coñecer as mellores estratexias de intervención, que facer ante o neno ou nena, como dirixir a entrevista cos pais, a onde dirixirse en caso de que teñan que intervir axentes especializados, etc.

Algúns nenos e nenas senten temor de falar do que lles pasa porque pensan que ninguén os crerá.

Outras veces non se decatan de que o maltrato do que son obxecto é un comportamento anormal e así aprenden a repetir este modelo inconscientemente. A falta dun modelo familiar positivo e a dificultade para crecer e desenvolverse copiándoo, aumenta as dificultades para chegar a ser un adulto con capacidade de relacionarse. Pode que non vexan a verdadeira raíz dos seus problemas emocionais, ata que ao chegar a adultos busquen axuda para solucionarlos.

O diagnóstico de risco ou maltrato infantil, sospeita ou certo, debe facerse baseándose en información sobre: o estado físico e comportamento do neno ou nena; o comportamento e actitudes dos pais, a través das entrevistas e contactos habituais que o persoal educativo mantén con eles; e a situación xeral familiar.

O mestre debe: valorar se a gravidade do caso necesita a investigación e o apoio de servizos sociais (no caso de dúbida comentar cun experto); tratar os pais con respecto e comprensión; informar dos casos de maltrato aos servizos sociais da zona e actuar segundo os casos:



GRUME: Grupo de Menores da Policía Xudicial

EOEP: Equipo Orientación Educativa e Psicopedagógica.